

## SEGURO DEPORTIVO OBRIGATORIO E DEREITOS DE PARTICIPACIÓN DA TEMPADA 19/20

Xa é posible realizar a tramitación do Seguro Deportivo obrigatorio para a tempada 2019/20. A compañía será a mesma que na tempada 18/19, Surne, aínda que a póliza sufrirá algunha modificación, ademais das coberturas indicadas polo Real Decreto incluírase a cobertura de lesións non traumáticas, melloraranse os protocolos de comunicación e tratarán de axilizaranse os tempos de asistencia.

Tal e coma se indicou na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada en xullo en Santiago de Compostela, debido á alta sinistralidade a prima da póliza aumentará un 13%, a Federación Galega de Balonmán asumirá o 3% mentres que o 10% repercutirá no coste dos clubs.

**IMPORTANTE:** Nos próximos días enviaremos o protocolo para a tramitación de accidentes, dende a Federación Galega de Balonmán rogamus que se intente facer un uso responsable do Seguro Deportivo Obrigatorio: non acudindo por urxencias en casos que non requiran este servizo, asistindo aos centros concertados na medida do posible e comunicando os accidentes única que exclusivamente nos casos de competición ou adestramentos que contén co visto bó da Federación Galega de Balonmán; o mal uso do seguro provoca unha sinistralidade elevada e un incremento na prima de renovación da póliza.

Os importes de cada unha das categorías tanto no referente á mutualidade coma aos dereitos de participación son os seguintes:

**SEGURO DEPORTIVO  
TEMPADA 2019-20**

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PREZO LICENZA</b>
DIV.HONRA MASCULINA (ASOBAL)	316,80 €
DIV.HONRA FEMININA	253,00 €
DIV. PRATA MASCULINA	243,10 €
DIV. PRATA FEMININA	177,10 €
1ª DIV. NACIONAL MASCULINA	209,00 €
SENIOR MASCULINO / FEMININO	160,60 €
XUVENIL MASCULINA/ FEMININA	104,50 €
OFICIAIS, TÉCNICOS, ÁRBITROS	82,50 €

**DEREITOS DE PARTICIPACIÓN**

1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASULINA	538 €
1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA	336 €
2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA	336 €
3ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA	250 €
XUVENIL (Masc. e Fem.)	112 €
RESTO CATEGORÍAS	GRATUITAS

En Vigo a 27 de agosto de 2019.

